

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Escenificación I
DISCIPLINA	Escenificación
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección escénica e Dramaturxia
ITINERARIO	Dirección escénica e Dramaturxia
CURSO	1º
CRÉDITOS ECTS	6
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección de Escena e Dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Roi Vidal Ponte
DOCENTES	Nome e apelidos: Roi Vidal Ponte Horario titorías: venres 12:00-13:00 Despacho: D1 Contacto: roividalponte@edu.xunta.gal
DESCRIPCIÓN	Principios xerais da escenificación. Estudo da concepción, desenvolvemento e evolución do espectáculo. Análise da situación, do personaxe e da escena. Creación e análise do texto espectacular.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Non se requiren
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
ED1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
ED3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.
ED5	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Coñecer o concepto de posta en escena: fundamentos, obxectivos e función.	T2, T14, X1
2. Investigar os factores sociais, estéticos e literarios que sustentan a historia do feito teatral e a dirección de escena. Percepción contextual da posta en escena e da súa función estética e social.	T14, X1, X7, ED5
3. Valorar o traballo de posta en escena como un proceso metodolóxico estruturado en función dunha concepción concreta de escenificación.	T3, T14, X4, ED3
4. Analizar as diferentes formulacións ao redor das relacións entre texto e escenificación.	T2, T14, X1, ED5
5. Determinar unha posible lectura dun texto dramático utilizando a hermenéutica.	X1, ED1, ED3
6. Aprender a definir a estética e a estilística que guiará un proceso de escenificación concreto.	X1, ED1, ED3
7. Establecer unha metodoloxía para realizar unha posta en escena. Coñecemento e aplicación de procedementos metodolóxicos para elaborar un proxecto escénico a partir dun texto, desde a súa concepción ata o inicio dos ensaios.	T1, T14, X3, X6, ED3
8. Selección, organización, interpretación e adaptación creativa de material documental en función dunha idea dramática.	T1, T2, T14, ED3
9. Articulación dos elementos significativos da posta en escena partindo dunha fundamentación previa. Experimentación e investigación para chegar á síntese escénica.	T14, X1, X6, ED3, ED5
10. Desenvolver a capacidade para traballar de forma efectiva en cooperación con outros e coordinar equipos.	T1, T3, X3, X7, ED3
11. Demostrar, desde a perspectiva do director de escena considerado como creador autónomo, a capacidade imaxinativa, creativa, e reflexiva propia da súa especialidade.	T3, X1, X3, X7, ED5

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Representación, posta en escena e dirección de escena.	1.1. Principios xerais da escenificación. Artes escénicas e Teatralidade. 1.2. Conceptualización e desenvolvemento histórico da función da dirección escénica.	9

	1.3. O oficio da dirección ...	
2. O texto dramático e a posta en escena.	2.1. Relacións entre texto e representación. 2.2. Niveis de autoría. Texto dramático e texto espectacular.	4
3. Etapas da posta en escena.	3.1. Conceptualización e esencialización. 3.2. Investigación e documentación. 3.3. Selección de premisas 3.2. Establecemento de obxectivos.	6
4. Estudo do texto. Análise da situación, do personaxe e da escena.	4.1. Situación dramática. 4.2. Personaxe 4.3. Acción 4.4. Obxectivo 4.5. Conflito 4.6. Escena	8
5. Creación e análise do texto espectacular.	5.1. Estratexias creativas para a creación escénica 5.2. Intuición e mirada consciente. Saber mirar. 5.3. Avaliación e autoavaliación	20
6. Sistemas de escenificación teatral e narrativa escénica.	6.1. Canles expresivas. Interrelacións e especificidades. 6.1.1. Canles corporais 6.1.2. Canles espaciais 6.1.3. Canles temporais 6.1.4. Canles auditivas 6.2. Ritmo e narración escénica. 6.2.1. Escenas e actos 6.2.2. Transicións 6.2.3. Montaxe e continuidade	30
7. A composición. O movemento escénico.	7.1. Principios xerais do movemento 7.2. Composición e exploración proxémica	6
8. Dos ensaios á estrea.	8.1. Fases do proceso de ensaios 8.2. Planificación e desenvolvemento 8.3. Liderazgo e dinámica de grupos	5
9. O proxecto de escenificación.	9.1. Libro de dirección 9.2. Proxecto de escenificación	2
TOTAL SESIÓNS		90

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	4	0	4
Exposición maxistral	10	4	14
Exposición práctico-teórica	15	0	15

Práctica individual	25	18	43
Práctica colectiva	25	10	35
Titorías individuais	10	5	15
Actividades de avaliación. Probas	0	13	13
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	16	20	36
Actividades de avaliación. Revisión	5	0	5
TOTAL	110h	70h	180h
PORCENTAXE	60%	40%	100

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Exposicións teóricas	Exposición docente. Implica a programación de actividades a partir da exposición teórica.
Visionado de vídeos	Realización de análises críticas e estudos comparativos a partir de textos teóricos, memorias, libros de dirección, notas de postas en escena e vídeos de escenificacións.
Lectura de textos	
Debates	Formulación, fase de traballo en equipo, guión e celebración do debate.
Proxectos de traballo	Implica actividades de procura, actividades de xestión da información
Prácticas escénicas	Quedando supeditada a análise teórica aos elementos desenvolvidos desde a acción.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Titoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas que xurdan en cada caso. <i>Titoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.

8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade		Ponderación
Prácticas de escenificación	T1,T3,T14,X1,X3,X6,ED1	60%
Traballo proxecto escénico	T2, T14, X6, ED1, ED3, ED5	20%
Exercicios orais. Exposición.	T2,T3,T14,X1,X6,ED5	10%

Actitude e participación		10%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo escrito e defensa oral	T1,T2,T14,X1,X6,ED5	50%
Prácticas de escenificación	T1,T3,T14,X1,X3,X6,ED1	50%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo escrito e defensa oral	T1,T2,T14,X1,X6,ED5	50%
Prácticas de escenificación	T1,T3,T14,X1,X3,X6,ED1	50%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

REFERENCIAS BÁSICAS

- BOGART, Anne (2005): *Introdución á dirección de escena*. Vigo, Galaxia.
- CANFIELD, Curtis (2004): *El arte de la dirección escénica*. Madrid: ADE.
- MARTÍNEZ, Agapito (2006): *Cuaderno de dirección teatral*. Ciudad Real, Ñaque.

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

- AYCKBOURN, Alan (2004): *Arte y oficio del teatro*. Barcelona, Ma non troppo.
- MITCHELL, Katie (2009): *The Director's Craft*. New York: Routledge.
- PAVIS, Patrice (2015): *La puesta en escena contemporánea*. Murcia: Universidade de Murcia.
- PRUNER, Michel (2005): *A fábrica do teatro*. Vigo: Galaxia.
- SELDEN, Samuel (1972): *La escena en acción*. Buenos Aires: EUDEBA.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

A falta de **asistencia** a clase de máis do **10%** do horario lectivo desta materia suporá a **perda da avaliación continua**. Todo atraso na hora de entrada na aula será contabilizado tamén como falta de asistencia.

Para a asistencia a **titorías** débese falar previamente co profesorado, co fin de pactar o día e a hora do encontro. Tamén se pode concertar a titoría enviando unha petición por correo electrónico. Será respondida tamén por correo electrónico, indicándose o día e a hora da titoría.

O alumnado que se presente aos exames das **convocatorias ordinaria ou extraordinaria** deberá contactar previamente co profesorado que imparte a materia, co fin de poder organizar a sesión debidamente.

IMPORTANTE: Para a **superación** da materia, o alumnado deberá ter aprobadas todas e cada unha das **ferramentas de avaliación** arriba indicadas.